



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001456

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Ampliación do horario dos establecementos de hostalaría festividade verán 2024)

Ante a celebración de distintas festividade ó longo das vindeiras semanas de xullo e agosto que atraerán ó concello de Sada numerosos visitantes.

Co obxectivo de favorecer a actividade económica dun dos principais sectores económicos do noso municipio e facilitar a planificación e organización da súa actividade con suficiente antelación.

Considerando o disposto no artigo 8 da Orde de 23/10/2020, da Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas, segundo o cal corresponderá aos concellos de acordo co disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

En atención ao exposto, e no uso das facultades atribuídas nos arts. 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

1º.- Autorizar a ampliación de horario de peche nun máximo de dúas horas a todos os locais de hostalería e ocio do Concello de Sada nas datas indicadas a continuación:

- Do 19 ao 21 de xullo
- Do 25 ao 28 de xullo
- Do 2 ao 4 de agosto
- Do 8 ao 19 de agosto
- Do 23 ao 25 de agosto

2º.- Notificar a presente resolución co ofrecemento dos recursos que correspondan.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.